

Persoal de infantil, discapacidade e menores fan un último chamamento a Política Social a intervir para rematar coa precariedade antes da folga do día 6

Nos tres casos o seu persoal cobra salarios que roldan o SMI malia tratarse de servizos esenciais e non ven recompensada a responsabilidade que teñen na educación de crianzas menores de 3 anos, a atención a usuarios con discapacidade e diversidade funcional ou a menores en situación de vulnerabilidade ou que cumpren medidas xudiciais.

Máis de medio milleiro de traballadores e traballadoras dos sectores de educación do primeiro ciclo de infantil e de atención á discapacidade e a menores manifestáronse hoxe polas rúas de Compostela para reclamar que se negocien convenios galegos en cada un dos seus ámbitos, dado que o marco estatal non pon fin á situación de precariedade na que viven. Trátase dun colectivo que agrupa a máis de 5.000 persoas en toda Galiza que traballan en máis de 500 centros de traballo e que comparte situacións comúns: precariedade laboral e salarial (con soldos que en moitos casos non chegan ao SMI, conxelados porque dependen de que se renove o concerto económico das empresas ou asociacións que teñen a licitación dos servizos que subcontrata a Xunta,



sen complementos nin subas que permitan recuperar o poder adquisitivo perdido nos últimos anos), con escasos dereitos laborais por riba do Estatuto dos/as Traballadores/as en canto a permisos, licenzas e conciliación familiar e cunha forte presenza feminina. Así mesmo, nos tres casos a CIG, sindicato maioritario, levou a cabo campañas con recollida de sinaturas entre o persoal afectado para reclamar a apertura de negociacións no Consello Galego de Relacións Laborais nas que se esixe a intermediación da Consellaría de Política Social á que hoxe tamén se dirixiron os e as manifestantes nas súas consignas.

En declaracións aos medios, **Iria Coteló**, delegada da CIG en ASPANANE lembrou que nos últimos anos levan perdidos como a antigüidade ou os días de asuntos propios. “Desenvolvemos o noso traballo con ratios miserentas, cunha enorme carga física e, sobre todo, psíquica, non se nos recoñece a penosidade, perigosidade nin nocturnidade. Precisamos un convenio galego porque

Arredor de 500
persoas manifestáronse
polas rúas de Compostela
esixindo a negociación de convenios
galegos para estes tres sectores que
suman máis de 5.000 traballadores
e traballadoras en máis de 500
centros de todo o país.



o estatal non dignifica o noso labor nin garante condicións xustas para quen coidamos de persoas en situación de vulnerabilidade. Estamos a prestar un servizo público esencial que a Xunta ten privatizado, cando debera ser a súa responsabilidade directa garantir unha atención de calidade, indicou.



Pola súa banda, **Natalia Seijo**, delegada nunha das tres escolas municipais de Compostela, incidiu en que “despois de máis de tres anos de espera e supostas negociacións en Madrid atopámonos cun convenio que unicamente se axusta á lexislación vixente, cunhas subidas salariais insignificantes que se quedan no SMI e ningunha mellora en dereitos laborais: conciliación, baixada de rateos, recoñecemento de xornada lectiva e non lectiva, recoñecemento do noso labor educativo e non só de coidados... A situación en Galiza é diferente porque aquí é totalmente gratuíta a educación infantil, que por certo esta gratuidade está integramente financiada con fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e non se fai unha asimilación das condicións entre as traballadoras que prestan servizos de xestión directa ou indirecta, de aí que precisemos un marco galego que nos regule”.



Por último, **Germán Estévez**, presidente do Comité de empresa de Monteledo, un dos centros de reforma xuvenil existentes no noso territorio fixo fincapé na desprotección que a Consellaría de Política Social está realizando aos menores a través do mantemento de precariedade do persoal traballador. Neste sentido tamén se referiu a

problemas de ratios, á falta de profesionais que queiran traballar neste sector pola perigosidade, que non está recoñecida, e á forte carga mental e emocional que soportan. No caso de menores, a diversidade de tipoloxía de centros é moi ampla, desde centros de reforma, de protección, puntos de encontro, vivendas e pisos tutelados... Estímase que hai máis de 1.000 menores que nestes momentos dependen administrativamente da Xunta e tal e como a conselleira recoñeceu recentemente en Galiza non existe nin unha soa praza vacante máis para atendelos porque o sistema está totalmente sobrecargado.

Folga o día 6 de novembro

Pola súa banda, o responsábel de Ensino Privado da CIG, **Henrique García**, salientou que nos orzamentos para 2026 no apartado de servizos sociais non se recolle nada para o persoal traballador nin para ampliación dos módulos dos concertos. Ademais fixo un chamamento ás patronais “a ser decididas e atrevidas para constituír as mesas negociadoras polos convenios galegos, mais aínda ante a pasividade e desatención da Consellaría que as pode levar a cláusulas de descolgue salarial, ERTes ou peches. Tamén facemos chamamento público, unha vez máis, aos sindicatos estatais a actuar con responsabilidade e, atendendo ás necesidades e reivindicacións dos sectores, deixen de poñer atrancos e se unan á xornada de folga do 6 de novembro, convocada polo sindicato maioritario.

Os e as asistentes á manifestación saíron da Alameda compostelá e fixeron parada diante da sede da Confederación de Empresarios de Galiza á que lle piden que sente a negociar para acadar estes convenios galegos (no caso de discapacidade xa houbo unha reunión que non frutificou e no caso de infantil sería preciso constituír previamente a patronal do sector). Ao remate da marcha léronse tres manifestos nos que se instou á Consellaría de Política Social a tomar nota destas protestas e do malestar do seu persoal. Neste sentido fixeron un último chamamento antes da folga do día 6 de novembro a tomar medidas, ou ben aplicando de inmediato as subas salariais previstas no convenio estatal nos concertos económicos que ten coas asociacións e empresas dos tres sectores, ou ben iniciando a negociación no Consello Galego de RRLL para acadar estes convenios propios. Do contrario, o seguinte paso que levarán a cabo conxuntamente é unha folga no sector prevista para o vindeiro 6 de novembro que, dado o carácter esencial que teñen, agardan que non se vexa boicoteada polos servizos mínimos decretados.